

## ANEXO II

D/Dª.

con DNI nº  comparece en representación de

con CIF nº  en calidade de

## DECLARA:

- Cumpre os requisitos necesarios para acollerse a esta orde de axudas, así como as obrigas e compromisos que nela se establecen.
- Os datos e documentos presentados son auténticos.
- Comprométese a facilitar a documentación complementaria que se lle poida requirir, así como a permitir as comprobacións e inspeccións que a Administración considere oportunas.
- Non esta incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración-compromiso.

En , 25 de xuño de 2007.

Asdo.:

*Orde do 26 de xuño de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolto por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarios e se convocan para 2007.*

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, configurou os consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade como corporacións de dereito público, con personalidade xurídica de seu, autonomía económica e plena capacidade de obraren para o cumprimento dos seus fins. A dita lei atribúelles a estes organismos a xestión da respectiva denominación xeográfica, o que supón a realización de diversas funcións, estre as que están a de velar polo prestixio da denominación e polo cumprimento das súas disposicións normativas e aplicar, de ser o caso, os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados.

A realización destas tarefas supón un labor de notable complexidade, cuxo desenvolvemento eficaz constitúe un factor clave na credibilidade da denomina-

ción, e que representa un importante custo económico para os consellos reguladores.

Para apoiar a realización destas actividades polos consellos reguladores, a través desta orde establécense as bases reguladoras das axudas para acometer os distintos programas de mellora e control da calidade e da orixe dos produtos agroalimentarios acollidos a algunha denominación xeográfica ou á produción ecolóxica, así como efectuar a convocatoria para o ano 2007.

Estas axudas acóllense ao establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro).

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos, 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia,

**DISPOÑO:****Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas que, en réxime de concorrencia competitiva, vai conceder a Consellería do Medio Rural para actuacións relacionadas coa implantación e desenvolvemento de programas de mellora e control da calidade e da orixe dos produtos agroalimentarios galegos amparados por algunha denominación xeográfica de calidade dos regulados no capítulo II do título III da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ou acollidos á produción ecolóxica, así como efectuar a convocatoria para o ano 2007.

**Sección primeira**

Bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentaria

**Artigo 2º.-Beneficiarios.**

Poderán ser beneficiarios destas axudas os consellos reguladores das distintas denominacións de calidade agroalimentaria existentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 3º.-Actividades subvencionables.**

Serán subvencionables todas aquelas actuacións realizadas, directa ou indirectamente, polos consellos reguladores, encamiñadas a garantir a calidade e a orixe dos produtos da correspondente denominación. Tamén serán subvencionables as actuacións en estudos, investigacións e desenvolvemento de programas encamiñados á mellora da calidade dos produtos obxecto de protección. Poderanse subvencionar, así mesmo, os gastos relacionados coa acreditación do consello regulador no cumprimento da norma EN-45011.

**Artigo 4º.-Gastos subvencionables.**

Consideraranse subvencionables os gastos orixinais pola participación do persoal propio do consello regulador no desenvolvemento e execución dos programas de calidade, os gastos derivados da realización de análises de laboratorio relacionados coa certificación do produto, e en xeral, os gastos de consultoría externa e calquera outro gasto relacionado coa implantación e execución dos programas de calidade desenvolvidos polo consello regulador.

**Artigo 5º.-Límites e contías das axudas.**

1. Para a concesión destas subvencións resulta de aplicación o disposto no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis*.

2. A subvención asignada para cada programa poderá acadar o 50% do importe da actividade subvencionable, de acordo coa valoración do órgano xestor, cun importe anual máximo por entidade beneficiaria de 120.000 €.

**Artigo 6º.-Compatibilidade con outras axudas.**

1. De acordo co establecido no Regulamento (CE) 1998/2006, estas axudas non se acumularán con

ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso nun regulamento de exención por categorías ou nunha decisión adoptada pola comisión.

O beneficiario queda obrigado a comunicarlle de inmediato ao órgano concedente calquera subvención, axuda ou ingreso que, para a mesma finalidade e de calquera procedencia, solicítase ou lle fose concedida ou pagada.

2. Ademais, e segundo o recollido no dito regulamento, o importe da subvención concedida sumado a outras axudas *de minimis* recibidas polo beneficiario non superará o importe de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais.

**Artigo 7º.-Criterios de valoración.**

1. Na resolución das solicitudes presentadas teranse en conta os criterios de valoración prioritarios seguintes:

-Coherencia e amplitude do programa presentado (ata 20 puntos).

-Incidencia potencial da actuación na garantía da calidade e orixe do produto (ata 20 puntos).

-Relación custo/beneficio da actuación (ata 20 puntos).

2. Sen prexuízo do recollido no parágrafo 1 anterior, terán unha consideración prioritaria os programas relacionados coa garantía da autenticidade dos produtos de agricultura ecolóxica fronte aos relativos ás distintas denominacións xeográficas de calidade.

**Artigo 8º.-Solicitudes e prazo de presentación.**

1. As solicitudes presentaranse en instancia dirixida ao conselleiro do Medio Rural, de acordo co modelo que figura no anexo I que vai con esta orde, acompañada coa documentación que figura no anexo II.

2. O lugar de presentación será prioritariamente nos servizos centrais da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

3. O prazo de presentación de solicitudes será o que se estableza na convocatoria anual correspondente.

4. Non se concederán nin pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias (Ministerio de Economía e Facenda) e coa Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Economía e Facenda).

Para eses efectos, a presentación da solicitude de axuda supón a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións acreditativas correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Economía e Facenda.

### Artigo 9º.-Instrución e resolución.

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria a instrución do procedemento, para o que poderá solicitar do petionario calquera documento que considere necesario para a correcta tramitación do expediente.

2. O exame e a valoración das solicitudes levaraos a cabo unha comisión de valoración constituída do seguinte xeito:

Presidente: o subdirector xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Vogais: dous funcionarios do Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria.

Secretario: un funcionario do dito servizo, que actuará con voz e voto.

3. A comisión de valoración, facendo aplicación dos criterios establecidos no artigo 7º desta orde, examinará as solicitudes presentadas e informará a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, que elaborará a proposta de resolución e a elevará ao órgano competente para resolver. A proposta deberá conter unha relación dos solicitantes para os cales se propón a axuda, a contía desta e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

4. As solicitudes serán resoltas polo conselleiro do Medio Rural no prazo máximo de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, poderase entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

5. A resolución de concesión indicará os investimentos considerados como subvencionables, así como as condicións xerais e particulares que se consideren necesarias para garantir o cumprimento dos obxectivos da axuda. Especificamente indicará o prazo máximo para a realización e xustificación dos investimentos realizados, que será polo menos posterior en quince días á finalización da realización do investimento subvencionado segundo o calendario presentado e, en calquera caso, anterior á data límite do 15 de decembro dese ano.

### Artigo 10º.-Tramitación e pagamento das axudas.

1. Realizados os gastos o beneficiario presentará, preferentemente nos servizos centrais da Consellería do Medio Rural, e sempre destinada á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, en Santiago de Compostela, a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do programa desenvolvido e xustificantes dos gastos realizados, acompañados dunha relación numerada de todos eles. No caso das facturas, presentarse orixinal e fotocopia, e no do pagamento de salarios a traballadores, fotocopia das nóminas.

b) Declaración do beneficiario sobre o cumprimento dos requisitos exixidos no R (CE) 1998/2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*.

c) Declaración do beneficiario sobre outras axudas solicitadas ou concedidas para os mesmos investimentos, así como a das axudas concedidas nos tres últimos anos fiscais para actuacións subvencionadas por convocatorias acollidas á citada normativa *de minimis*.

d) Certificación de entidade bancaria que acredite a existencia da conta a nome do beneficiario para o pagamento da subvención.

2. De acordo co artigo 31.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características do gasto subvencionable non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán xuntarse na xustificación ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. De acordo co establecido no artigo 16 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse efectuar pagamentos parciais a medida que o beneficiario xustifique a realización dos investimentos e, no caso de que a subvención exceda a contía de 30.050,61 €, o seu pagamento. Estes pagamentos non superarán o 80% da subvención concedida, e o importe restante librarase no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e das demais condicións para as cales lle foi concedida.

4. No caso de pagamentos parciais, cando a contía da subvención exceda os 30.050,61 euros, será preciso que o beneficiario presente as garantías establecidas no artigo 17º do Decreto 287/2000.

### Artigo 11º.-Seguimento e control.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. As resolucións de concesión de subvención establecerán o prazo máximo de xustificación dos investimentos. Non obstante, poderase conceder, por pedimento xustificado do interesado realizado antes da finalización do prazo establecido e sempre que as disponibilidades orzamentarias o permitan, unha ampliación do dito prazo.

3. Calquera modificación que afecte substancialmente a realización dos investimentos e gastos aprobados deberá ser previamente comunicada á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade

Agroalimentaria. No caso de redución da contía dos gastos realizados, e sempre que se manteñan os obxectivos iniciais e se cumpran os requisitos recollidos no artigo 12.2º do Decreto 287/2000, a subvención verase reducida na contía proporcional correspondente.

4. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar estes, ás de control financeiro que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 12º.-Incumprimento, reintegro e réxime de infraccións e sancións.

1. Procederá o reintegro total ou parcial das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e dos xuros de mora acumulados desde o momento do seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en xeral, nos casos establecidos no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 79 do Decreto lexislativo 1/1999.

Artigo 13º.-Cumprimento da normativa comunitaria sobre axudas estatais.

As axudas reguladas a través desta orde ampáranse no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro).

Artigo 14º.-Réxime de recursos.

A resolución da subvención porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición perante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, ou ben ser impugnada directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa.

#### Sección segunda Convocatoria 2007

Artigo 15º.-Convocatoria.

Convócanse para o exercicio orzamentario 2007 as axudas reguladas por esta orde. As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán os establecidos con carácter xeral nos artigos anteriores.

Artigo 16º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

Artigo 7º.-Financiamento das axudas.

As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural para o ano 2007, na aplicación orzamentaria 11.03.713D.7810, cunha dotación de 600.000 €. Este importe poderase incrementar con remanentes adicionais de acordo coas disponibilidades de crédito. En todo caso as concesións limitaranse ás disponibilidades orzamentarias.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Publicación e tratamento de datos.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos para os efectos do disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Segunda.-Réxime xurídico.

En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde haberá que aterse ao disposto nos artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia coas modificacións introducidas pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Disposición de desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2007.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA PROGRAMAS DE CALIDADE DESENVOLVIDOS POR CONSELLOS REGULADORES</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR302B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME		CIF/NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

**E na súa representación:**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
------------------	-----------------	------	-----

**DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA**

TÍTULO:	ORZAMENTO
OBXECTO:	

**SOLICITA:**

que lle sexan concedidas para o gasto relacionado as subvencións establecidas na orde de axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores.

**EXPÓN:**

Que autoriza a Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 26 de xuño de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias, e se convocan para 2007.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p>Lugar e data</p> <p>, de de 200</p>	<p>Consellería do Medio Rural</p>	

## ANEXO II

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

## 1.- MEMORIA EXPLICATIVA DO PROGRAMA OBXECTO DO INVESTIMENTO.

- 1.1.- DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER.
- 1.2.- AVALIACIÓN DAS SÚAS VANTAXES.
- 1.3.- RELACIÓN DE EFECTIVOS HUMANOS E MEDIOS MATERIAIS DE QUE SE DISPÓN.
- 1.4.- PLAN CRONOLÓXICO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS.

## 2.- ORZAMENTO PORMENORIZADO DOS GASTOS PREVISTOS.

## 3.- DECLARACIÓNS

Don/Dona , con DNI nº   
 como representante de , CIF/NIF   
 e enderezo

## DECLARA

Que en relación coa orde da Consellería do Medio Rural do   
 sobre axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarios,  
 solicitou (en caso de estar concedida, indicalo) para os investimentos obxecto deste expediente de subvención, axudas a través de:

- 
- 
- 

Ningunha outra axuda

Que as axudas concedidas ao Consello regulador nos tres últimos anos fiscais para actuacións subvencionadas por convocatorias  
 acollidas á normativa *de minimis* ((RE) 1998/2006) suman un total de

Que o consello regulador cumpre todos os requisitos da citada normativa *de minimis*.

E para que conste, para os efectos oportunos, asina esta solicitude

*Lugar e data*

, de de 200

Asdo.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Corrección de erros.-Orde do 16 de maio de 2007 pola que fixan as tarifas máximas aplicables á asistencia sanitaria concertada polo Servizo Galego de Saúde e se actualizan os prezos dos concertos vixentes.*

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 120, do venres 22 de xuño de 2007, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 10.886, no parágrafo terceiro débese suprimir «(en adiante Sergas)».

Na páxina 10.886, no artigo 1º, débese suprimir a coma que vai despois de ano 2006.

Na páxina 10.888 corríxirase o seguinte:

No punto 3º da epígrafe de suplemento de diálise, onde di «porcentaxe de aumento: 3,7» debe dicir «porcentaxe de aumento: -».

En toda a orde, onde di «Sergas» debe dicir «Servizo Galego de Saúde».

## AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

*Resolución do 2 de xullo de 2007 pola que se fai pública a delegación de funcións no presidente e no director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).*

O Consello de Dirección de Agader do 10 de outubro de 2005 adoptou un acordo referido á delegación de determinadas funcións a favor do presidente e do